

XI Trofeo

Alfonso Posada

REGULAMENTO

ARTIGO 1. Organizadores.

O **Real Club Celta de Atletismo** e o **Club Atletismo Femenino Celta**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Econocom, Socios Colaboradores do Grupo Celta Atletismo e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizarán conxuntamente o **"XI TROFEO ALFONSO POSADA"**. Unha nova homenaxe á figura do presidente emérito do Grupo Celta Atletismo.

ARTIGO 2. Data e instalación.

O **"XI TROFEO ALFONSO POSADA"**, terá lugar o venres 26 de maio a partires das 20:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos (Vigo).

ARTIGO 3. Control técnico.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Todo o reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

ARTIGO 4. Inscripcións.

Os **atletas con licenza FGA ou RFEA**, poderán inscribirse a través da intranet da RFEA <https://isis.rfea.es/sifeca2/> ata o vindeiro mércores 24 de maio ás 20:00 horas.

Os **atletas estranxeiros** solicitarán a súa inscrición a través do correo electrónico rcatletismo@hotmail.es tamén ata o vindeiro mércores 24 de maio ás 20:00 horas e indicando a proba ou probas nas que se inscrite, nome e apelidos, data de nacemento, DNI, club, licenza federativa e as súas mellores marcas rexistradas. En ámbolos dous casos, a organización só terá en conta as marcas rexistradas na temporada 2016 – 2017.

Os atletas recollerán persoalmente o seu dorsal na zona de secretaría con, a lo menos, unha hora de antelación. Entregarase un único dorsal, que irá colocado na parte dianteira da camiseta, excepto na proba de salto con pértiga que irá colocado na parte traseira da camiseta.

ARTIGO 5. Programa de competición e atletas admitidos.

HOMES	ADMITIDOS (1)	MULLERES	ADMITIDAS (1)
100 METROS (2)	24	100 METROS (2)	24
400 METROS	16	400 METROS	16
800 METROS	12	800 METROS	12
SALTO CON PÉRTIGA MIXTA (3)		16	
LANZAMENTO DE MARTELO (4)	12	LANZAMENTO DE MARTELO (4)	12
SALTO DE LONXITUDE (5)	12	SALTO DE LONXITUDE (5)	12
DESAFÍO 300 (6)	10	DESAFÍO 300 (6)	10

(1) Admitiranse os atletas que acrediten as mellores marcas rexistradas.

(2) Clasificarán para a final os 8 mellores tempos do total das series.

(3) Admitiranse as 16 mellores marcas sen diferenciación de sexo. Cadencia: 2.65m/ 2.85m/ 3m/ 3.15m/ 3.30m/ 3.45m/ 3.60m/ 3.75m/ 3.90m/ 4.05m/ 4.20m/ 4.35m/ 4.50m/ 4.61m e cadencia de 10 en 10cm.

(4) Admitiranse as mellores marcas co martelo de 4, 5, 6 e 7 kg en homes e de 3 e 4 kg en mulleres. As 8 mellores marcas clasificaranse para a mellora.

(5) As 8 mellores marcas clasificaranse para a mellora.

(6) Proba de exhibición. Os atletas interesados en participar, deberán inscribirse unha hora antes na secretaría da competición. O desafío consistirá en completar 5 series de 300 metros por rúa libre, tendo dous minutos para completar a serie máis a recuperación. Os dos últimos atletas en cada serie serán eliminados, sendo o vencedor o atleta que remate a última serie no primeiro lugar. Haberá un premio especial para os gañadores.

O xoves 25 de maio, publicarase en www.celtaatletismo.es e www.atletismogalego.org a listaxe de atletas admitidos.



XI Trofeo

Alfonso Trofeo

ARTIGO 6. Cámara de chamadas.

Os atletas deberán respectar o protocolo de cámara de chamadas previa a cada proba, e acreditar a súa participación presentando a licenza federativa ou o DNI no seu defecto.

PROBA	PRESENTACIÓN	SAIDA A PISTA
CARREIRAS	20'	10'
CONCURSOS	30'	30'
SALTO CON PÉRTEGA	60'	45'

ARTIGO 7. Premios.

A organización entregará premios económicos as tres mellores marcas absolutas tanto en categoría masculina como feminina, sempre e cando os atletas superen os 800 puntos de puntuación por táboa IAAF en vigor. Ademais, entregarase trofeo o 1º clasificado e medallas o 2º e 3º clasificado de cada proba e categoría. A entrega de premios realizarase ao final da competición, sendo obrigatoria a presenza do atleta para recibir o premio.

1ª MARCA IAAF	2ª MARCA IAAF	3ª MARCA IAAF
150 €	100 €	75 €

ARTIGO 8. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidente Deportivo da Federación Galega de Atletismo. Os atletas participantes terán á súa disposición os vestiarios e as duchas da instalación, ademais de dispoñer dun servizo de garda roupa.

ARTIGO 9. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

ARTIGO 9. LOPD.

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.



XI Trofeo

Alfonso Trásada

ARTIGO 10. Horario.

HORARIO		
HORA	PROBAS	HOMES/MULLERES
20.00	100 M. SEMIFINAL	MULLERES
	SALTO CON PÉRTEGA	MIXTA
	SALTO DE LONXITUDE	MULLERES
	LANZAMENTO DE MARTELO	MULLERES
20.15	100 M. SEMIFINAL	HOMES
20.30	400 M.	MULLERES
20.45	400 M.	HOMES
	SALTO DE LONXITUDE	HOMES
	LANZAMENTO DE MARTELO	HOMES
21.00	800 M.	MULLERES
21.15	800 M.	HOMES
21.30	100 M. FINAL	MULLERES
21.45	100 M. FINAL	HOMES
ENTREGA DE PREMIOS		
DESAFÍO 300		

